



# CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CEP CAMPOLONGO  
Curso 2019 - 2020



## ÍNDICE

1.-	Introdución .....	5
2.-	Contextualización .....	9
3.-	Identificación e valoración das necesidades .....	17
4.-	Obxectivos .....	23
5.-	Medidas ordinarias .....	27
6.-	Medidas extraordinarias .....	31
7.-	Concreción das actuacións dos distintos profesionais .....	35
8.-	Mecanismos de coordinación e colaboración .....	41
9.-	Canles de colaboración coas nais, pais ou titores legais .....	45
10.-	Procesos de seguimento, avaliación e mellora da concreción anual do plan xeral de atención á diversidade .....	49
11.-	Marco legal .....	53



 <p><b>XUNTA DE GALICIA</b></p>	<p><b>COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO</b></p> <p>Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA  <a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/">http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/</a>  E-mail: <a href="mailto:ceip.campolongo@edu.xunta.es">ceip.campolongo@edu.xunta.es</a>  Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18</p>	 <p>Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura</p>  <p>Membro de Escolas Asociadas da UNESCO</p>
---	--	---

# 1. Introducción



 <b>XUNTA DE GALICIA</b>	<b>COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO</b> Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA <a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/">http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/</a> E-mail: <a href="mailto:ceip.campolongo@edu.xunta.es">ceip.campolongo@edu.xunta.es</a> Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18	 Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura   Membro de Escolas Asociadas da UNESCO
--	---	--

Concretar actuacións para a diversidade no noso CEP implica ensinar a cada alumno e alumna segundo as súas características, establecer os mecanismos e usar os recursos que permitan o acceso ao currículo á totalidade do alumnado, dar as respostas educativas que compensen as desigualdades derivadas das circunstancias individuais, poñer en práctica un currículo aberto e flexible, recoñecer e valorar as distintas culturas e orixes, implicar a toda a comunidade, poñer a disposición do alumnado todos os medios posibles e rexerse polos principios de inclusión e normalización.

Esta concreción ten como base o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, e que entende a atención á diversidade como un conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todos e cada un dos alumnos do noso CEP.





## 2. Contextualización



### DATOS XERAIS DO CENTRO

Tipo de Centro: C.E.P.  
Denominación oficial: C.E.P. CAMPOLONGO  
Código do Centro: 36006420  
Situación: Pontevedra  
Provincia: Pontevedra  
Enderezo: Xeneral Rubín, nº 3  
Apartado de Correos: 336  
Código Postal: 36001  
Teléfono: 886 15 15 13  
Fax: 886 15 15 18  
NIF: Q-8655216-C

### NÚMERO DE UNIDADES

Nº unidades	Primaria
Creadas	18
Funcionan	18
<b>TOTAL</b>	<b>18</b>

## CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O Colexio de Educación Primaria Campolongo de Pontevedra está situado no centro do polígono do mesmo nome e rodeado de zonas verdes na súa maior parte.

É un Centro de Ensino Público, polo tanto dependente da Consellería de Educación e está adscrito ó Instituto “Sánchez Cantón”, estando adscrito o noso a EEI Crespo Rivas.

### A.- ÁREA DE INFLUENCIA:

Perímetro:

Avda. da Raíña Vitoria Uxía (ámbalas dúas beirarrúas) ata Rúa Rosalía de Castro  
Rúa Rosalía de Castro (dende Avda. da Raíña Vitoria Uxía ata Rúa Oliva) (beirarrúa leste)

Rúa Oliva (ata Rúa García Camba) (ámbalas beirarrúas)

Rúa García Camba (excluída)

Rúa Andres Muruais (ámbalas dúas beirarrúas)

Rúa Andrés Mellado (ámbalas dúas beirarrúas)

Rúa Peregrina (dende intersección con Rúa Andrés Mellado) (beirarrúa suroeste)

Rúa Avda. de Vigo (ata intersección con Rúa Germán Adrio) (beirarrúa suroeste)

Rúa Germán Adrio (beirarrúa sur)

Rúa Gorgullón (ámbalas dúas beirarrúas)

Río Gafos (dende intersección con Rúa Estación ata glorieta Avda. Fernández Ladreda con Avda. de Vigo) (NOTA: o edificio da Avda. de Vigo que da a esta glorieta está incluído)

Avda. Fernández Ladreda (beirarrúa norte)

Avda. Manuel de Palacio (beirarrúa norte)

Avda. de Marín (dende Avda. Manuel de Palacio ata Rúa San Roque)

Rúa San Roque (beirarrúa leste)

### B.- ÁREAS LIMÍTROFES:

Son áreas limítrofes deste centro as áreas de influencia dos centros: CEIP Froebel, CEIP Praza de Barcelos, CEIP Álvarez Limeses, CEIP de Cabanas e CEIP San Martiño.

Non se considera zona limítrofe o Concello de Poio.

## C.- INSTALACIÓNS

### 1. Catro edificios cunha extensión de máis de 3.500 m<sup>2</sup>:

1. Edificio principal: Administración cos despachos de: dirección, xefatura de estudos, secretaría e orientación, despacho da A.P.A., aula de informática, sala de profesores e conserxería.

Vinte e dúas aulas de Educación Primaria, 4 Titorías, 2 aulas de P.T., unha aula de Audición e Linguaxe, dúas aulas de idiomas, unha aula de música, unha biblioteca e unha sala multiusos.



2. Edificio Comedor.
3. Edificio para Actividades Deportivas.
4. Vivenda do Conserxe.

### 2. Espazos Exteriores:

1. Parque infantil.
2. Patios de recreos e deportes.
3. Pistas polideportivas exteriores de uso compartido co veciñanza.



## D.- PROFESORADO, ALUMNADO E NIVEIS EDUCATIVOS

O equipo de profesores está formado por 33 profesores, destes o Claustro pertencen 30 e imparte clases 3 máis compartidos con outros centros: unha profesora de relixión que pertence o claustro do CEIP Plurilingüe Froebel, unha profesora de Audición e Linguaxe pertence ao claustro da EEI Crespo Rivas e un de relixión evanxélica do claustro do CEP Marcos da Portela .

O Departamento de Orientación, formado por unha Orientadora, tres especialistas en Pedagogía Terapéutica, dúas especialista en Audición e Linguaxe (unha compartida con outro centro) e os coordinadores de Ciclo que atenden a tódolos niveis educativos.

Dada a súa localización, este Centro escolariza de forma maioritaria ó alumnado residente na zona centro da cidade, abarcando todo tipo de nivel socioeconómico, e cunhas altas expectativas educativas.

No curso 2019/2020, o día 30 de setembro, están matriculados 447 alumnos.

Estando repartidos os alumnos segundo a seguinte táboa:

Nº DE ALUMNOS MATRICULADOS POR NIVEL E GRUPO					
C.E.P. CAMPOLONGO 2019/2020					
30/09/2019					
ENSINO	NIVEL		NENAS	NENOS	TOTAL
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º	A	11	14	25
		B	14	11	25
		C	15	11	26
		<b>TOTAL:</b>			<b>76</b>
	2º	A	9	16	25
		B	10	14	24
		C	11	12	23
		<b>TOTAL:</b>			<b>72</b>
	3º	A	12	12	24
		B	11	12	23
		C	12	11	23
		<b>TOTAL:</b>			<b>70</b>
	4º	A	8	17	25
		B	9	17	26
		C	11	15	26
		<b>TOTAL:</b>			<b>77</b>
	5º	A	12	13	25
		B	15	10	25
		C	11	14	25
		<b>TOTAL:</b>			<b>75</b>
	6º	A	16	9	25
		B	11	15	26
		C	10	16	26
		<b>TOTAL:</b>			<b>77</b>
<b>TOTAL CENTRO:</b>			<b>208</b>	<b>239</b>	<b>447</b>

O Departamento de Orientación está composto do seguinte xeito:

1. Orientadora. Xefa do Departamento de Orientación funcionaria de prácticas no centro.
2. Dúas mestras de Pedagogía Terapéutica a tempo completo con carácter definitivo.
3. Unha mestra de Pedagogía Terapéutica a tempo completo con carácter provisional.
4. Unha mestra de Audición e Linguaxe a tempo completo con carácter definitivo no centro.
5. Unha mestra de Audición e Linguaxe a tempo parcial con centro base no EEI Crespo Rivas.





 <p><b>XUNTA DE GALICIA</b></p>	<p><b>COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO</b></p> <p>Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA  <a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/">http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/</a>  E-mail: <a href="mailto:ceip.campolongo@edu.xunta.es">ceip.campolongo@edu.xunta.es</a>  Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18</p>	 <p>Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura</p>  <p>Membro de Escolas Asociadas da UNESCO</p>
---	--	---

### 3. Identificación e valoración das necesidades



Entendemos a atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características, necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Nun sentido amplo, esta atención intenta previr e dar resposta ás necesidades temporais e permanentes de todo o alumnado do centro, e entre eles aos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria.

Considérase alumnado con necesidade específica de apoio educativo, aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, de modo que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais, os obxectivos e as competencias da etapa, para o que se establecerán as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado.

Neste curso 2019-2020 procedemos a concretar as actuacións e medidas en función da identificación e valoración das necesidades:

1. Do **alumnado**, tanto das individuais como das grupais (aprendizaxe de técnicas de traballo intelectual, transición harmónica entre primaria e secundaria, mellora do clima das aulas..); das ordinarias como das extraordinarias (reforzo educativo, agrupamento flexible, mellorar a resposta educativa ao alumnado que presenta altas capacidades...)
2. Do **profesorado**, dinamización da función titorial, impulsar as reunións dos titores cos respectivos equipos docentes e dos titores coa xefatura de estudos e o departamento de orientación e actualización da formación en temáticas relacionadas coa igualdade e non discriminación.
3. Das **familias**, informar e impulsar a colaboración no desenvolvemento das medidas de atención á diversidade, fomentando a súa participación no CEP Campolongo.

4. Do **departamento de orientación**, mellorar o aproveitamento dos recursos tecnolóxicos especialmente nas actuacións relacionadas coa atención á diversidade, e impulsar a coordinación do profesorado de apoio co profesorado dos distintos departamentos didácticos.

Para que o Departamento de Orientación poida dar resposta ás necesidades específicas de apoio educativo debe seguirse o seguinte proceso de detección:

- O mestre ou mestra e o titor/a, no desenvolvemento das diversas accións que implica a avaliación continua, detecta necesidades educativas (retraso, alteracións, dificultades, problemas...) nalgún/s ámbito/s de desenvolvemento nun alumno determinado.
  - Recopila información: observación, informes, avaliación inicial, traballos...
  - Intercambia información coa familia.
  - Tenta dar resposta ás necesidades que existen no centro con medidas ordinarias de forma normalizada.
  - Se o consegue, pecha o ciclo de detección.
  - Se non o consegue, demanda colaboración ao Departamento de Orientación (a través dun modelo de solicitude de intervención do D.O), no caso de que este precise asesoramento para realizar esta avaliación psicopedagóxica solicita a intervención do E.O.E. (Equipo de Orientación Específico de Pontevedra), quen valora o caso (concretado nun Informe Psicopedagóxico –resumo da avaliación psicopedagóxica realizada- cando se dan as condicións establecidas na Orde do 31 de Outubro de 1996), e determina as medidas educativas a adoptar en función de que o alumno/a corresponda a un apartado ou a outro. As familias estarán informadas das medidas dispostas.
- A detección de necesidades tamén pode ser realizada pola familia, quen informa das necesidades detectadas no ámbito familiar e se aplicaríase entón o mesmo procedemento anterior dende a titoría ou dende o propio Departamento de Orientación.
- Se as necesidades detectadas precisan Adaptacións Curriculares Significativas (ACS), elaborárase un D.I.A.C onde se recollan as modificacións e o tipo de atención.

### Planificación do proceso de diagnose e posterior intervención:

- Despois dunha avaliación das necesidades o Orientador/a determinará e fará una proposta dos apoios que deberá recibir o devandito alumno, ben de PT, AL ou ben por parte del mesmo atendendo se as necesidades son de orixe cognitivo ou outras que se determinaron no apartado anterior (PT), comunicativo-lingüísticas (AL) ou emocionais (Orientadora).
- A modalidade e tipo de apoio será determinada pola Xefatura de Estudos (tal e como establece no seu artigo 19º a Orde do 27 de Decembro do 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado do ensino non universitario con n.e.e), co asesoramento do Departamento de Orientación en función das necesidades do neno e dos recursos dispoñibles.
- Unha vez detectadas as dificultades e proposto o neno/a para o apoio correspondente, tal e como se establece no punto anterior, determinarase e concretarase o plan de traballo, fundamentalmente dende a coordinación dos mestres implicados no apoio, elevando do mesmo xeito ás ditas propostas á Xefatura de Estudos.
- Informarase sempre ás familias da proposta de intervención deseñada e manteranse reunión para informarlles da evolución do neno así como para o establecemento de pautas de actuación conxuntas.
- Trimestralmente os especialistas de PT e AL así como o Departamento de Orientación realizarán o informe no que reflictan os obxectivos conseguidos e os que será necesario seguir traballando.

Ao inicio de cada curso escolar o departamento de orientación realízalle unha avaliación psicopedagóxica, a todo o alumnado de novo ingreso no centro, aos de 1º nivel, como medida de prevención, e tamén aos que se incorporan noutros niveis.



## 4. Obxectivos





Entre os obxectivos a acadar este curso 2019-2020 en materia de atención á diversidade cabe destacar:

1. Axustar a resposta educativa ás necesidades que presenta o alumnado en función dos recursos dispoñibles no noso CEP.
2. Articular as distintas medidas, plans e actuacións de atención á diversidade como o plan Madruga, o plan Alerta Escolar, os camiños escolares, etc...
3. Facer posible unha transición harmónica entre etapas posibilitando unha maior coordinación entre o noso centro, a EEI Crespo Rivas e o IES Sánchez Cantón.
4. Coordinar actuacións e establecer canles de comunicación coa inspección, o equipo específico e outros servizos externos ao noso CEP (gabinetes, servizos sociais...)
5. Identificar as novas necesidades no centro e adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais do noso alumnado.
6. Implementar medidas ordinarias e extraordinarias, organizativas e curriculares necesarias para a consecución das competencias clave e os obxectivos das diferentes etapas educativas.
7. Priorizar as actuacións e medidas de carácter preventivo e de detección temperá (avaliacións iniciais).
8. Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación (PFPP, CAFI, CFR...), así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
9. Fomentar a implicación doutros sectores da comunidade educativa: alumnado (titoría entre iguais, mediación), persoal non docente e familias (merendas interculturais, reciclaxe de materiais...).
10. Establecer procedementos de comunicación adecuados para garantir a información e participación das familias do alumnado (Tokapp...).
11. Identificar, a través dunha avaliación interna, a eficacia da atención á diversidade ao finalizar este curso escolar e aqueles aspectos que precisan mellorar.



 <p><b>XUNTA DE GALICIA</b></p>	<p><b>COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO</b></p> <p>Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA  <a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/">http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/</a>  E-mail: <a href="mailto:ceip.campolongo@edu.xunta.es">ceip.campolongo@edu.xunta.es</a>  Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18</p>	 <p>Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura</p>  <p>Membro de Escolas Asociadas da UNESCO</p>
---	--	---

## 5. Medidas ordinarias de atención á diversidade



 <b>XUNTA DE GALICIA</b>	<b>COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO</b>	 <small>Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura</small>	<small>Membro de</small>  <small>Escolas Asociadas da UNESCO</small>
	Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA <a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/">http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/</a> E-mail: <a href="mailto:ceip.campolongo@edu.xunta.es">ceip.campolongo@edu.xunta.es</a> Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18		

MEDIDA	DESTINATARIOS	RESPONSABLES
<b>Preparación transición de Primaria a ESO</b>	Alumnado de 6º EP dos centros adscritos e familias.	Xefatura do departamento de orientación dos sendos centros coa colaboración dos equipos directivos.
<b>Protocolo de actuación nos casos de absentismo escolar</b>	Alumnado sancionado por falta grave de asistencia.	Xefatura de estudos/xfatura do departamento de orientación.
<b>Aulas de atención educativa e de convivencia</b>	Alumnado que incurra de forma reiterada en condutas disruptivas.	Xefatura de estudos e departamento de orientación.
<b>Plan de acollida</b>	Alumnado de procedencia estranxeira ou nova incorporación no centro.	Xefatura de estudos e departamento de orientación..
<b>Adecuación da estrutura organizativa do centro ás características do alumnado</b>	Todo o alumnado.	Equipo directivo co asesoramento da CCP <b>Aplicación:</b> xefatura de estudos.
<b>Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado</b>	Normas de xestión e organización da aula.	Titor e profesorado do grupo.
<b>Adecuación das programacións</b>	Adaptar as programacións didácticas e as programacións de aula ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe.	Titores e especialistas de área.
<b>Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación</b>	De forma prioritaria ao alumnado do centro que presenta TDAH, déficits sensoriais e aquel outro que por circunstancias diversas o aconsellen así os servizos de orientación.	O profesorado de materia coa colaboración do departamento de orientación.

MEDIDA	DESTINATARIOS	RESPONSABLES
<b>Programas de reforzo e recuperación das materias avaliadas negativamente</b>	Alumnado repetidor ou que promocióne sen ter superadas todas as materias.	Profesorado da materia suspenso.
<b>Programas de enriquecemento curricular</b>	Alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo asociada a altas capacidades para que amplie ou profundice e investigue.	Profesorado da materia co asesoramento do departamento de orientación e se é o caso, coa colaboración do equipo de orientación específico.
<b>Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo, tutoría entre iguais e outras que promovan a inclusión</b>	Para favorecer a atención individualizada ao alumnado, a aplicación de estratexias cooperativas, tutoría entre iguais e aprendizaxe por proxectos.	Titor e profesorado do grupo co asesoramento do departamento de orientación.
<b>Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas</b>	Agrupamentos de alumnado que requira reforzo nas áreas instrumentais para asegurar a adquisición das competencias nas materias de lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura e matemáticas.	Xefatura de estudos coa colaboración do departamento de orientación e o profesorado con dispoñibilidade horaria.
<b>Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria</b>	Destinada a apoiar a un alumno ou subgrupo con dificultades dentro da aula.	Equipo directivo. Profesorado con dispoñibilidade horaria.
<b>Reforzo educativo dentro da aula ordinaria</b>	Alumnado que presente dificultades de aprendizaxe.	Profesorado que imparte a materia.

## 6. Medidas extraordinarias de atención á diversidade





MEDIDA	DESTINATARIOS	RESPONSABLES
<b>Apoio PT fóra e dentro da aula</b>	<p>Fóra: Alumnado con necesidade específica de apoio educativo que teña formalizadas medidas de adaptación curricular significativa ou que presente un desfase curricular moi significativo por incorporación tardía.</p> <p>Dentro: Alumnado con necesidade específica de apoio educativo ao que o seu nivel de competencia curricular lle permita seguir as clases.</p>	Xefatura do departamento de orientación. Especialistas en pedagogía terapéutica.
<b>Flexibilización do período de escolarización</b>	Alumnado con necesidade específica de apoio educativo e que así o aconselle o informe psicopedagóxico.	Xefatura do departamento de orientación e acordo dos implicados e das súas familias.
<b>Atención educativa hospitalaria/ domiciliaria</b>	O alumnado que, cursando ensinanzas de réxime xeral na modalidade presencial, por prescripción facultativa se considere que non poderá asistir ao seu centro por un período superior a un mes.	Persoa Titora e D.O.
<b>Agrupamentos flexibles</b>	Alumnado con necesidade específica de apoio educativo con informe, alumnado repetidor ou alumnado que promocionando con pendentos que se impartan no agrupamento.	Xefatura do departamento de orientación, titores, familia.

MEDIDA	DESTINATARIOS	RESPONSABLES
<b>Adaptacións curriculares significativas</b>	Dirixida ao alumnado que non pode seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe por razóns educativas, sociais, culturais, por déficit ou cualidades excepcionais e necesitan modificacións importantes no currículo en relación ao grupo no que está.	Xefatura do departamento de orientación, xefe de estudos, titor, inspección educativa.

 <p><b>XUNTA DE GALICIA</b></p>	<p><b>COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO</b></p> <p>Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA  <a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/">http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/</a>  E-mail: <a href="mailto:ceip.campolongo@edu.xunta.es">ceip.campolongo@edu.xunta.es</a>  Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18</p>	 <p>Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura</p>  <p>Membro de Escolas Asociadas da UNESCO</p>
---	--	---

## 7. Concreción das actuacións dos distintos profesionais



### 7.1.- TITOR/A E EQUIPO DOCENTE.

1. Avaliación inicial a comezos de cada curso, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ás características do noso alumnado.
2. Seguemento xeral dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar as dificultades e as necesidades educativas coa finalidade de articular respostas educativas coherentes e demandar, no seu caso, os oportunos asesoramentos, reforzos e apoios.
3. Coordinación do titor/a coa orientadora, cos demais profesores do grupo-clase, os profesores especialistas de PT e AL e o profesorado con liberación horaria o axuste das intervencións, especialmente no referente ás respostas educativas ante as necesidades máis específicas de reforzo e apoio.
4. Promover un contexto de colaboración coa familia, intercambiando información relevante que afecte á educación dos seus fillos.

### 7.2.- PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA DE APOIO ÁS NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.

1. Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á Educación Primaria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
2. Colaborar, xunto coa Xefa do Departamento de Orientación e o titor do alumno/a, na organización da atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
3. Impartir atención docente directa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
4. Axudar ao profesor/titor de materia na identificación de posibles necesidades educativas do seu grupo.

5. Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares significativas (ACS), así como daquelas outras nas que imparte docencia dirixidas á atención á diversidade.
6. Colaborar na avaliación e na determinación da metodoloxía a seguir co alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
7. Participar, de ser necesario, co titor/a nas reunións coas familias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

### **7.3.- XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

1. Participar na avaliación psicopedagóxica daquel alumnado que o precise, así como realizar o informe psicopedagóxico no que se recolla, analice e valore a información recollida no proceso da avaliación psicopedagóxica.
2. Elaborar o correspondente ditame de escolarización para aqueles casos onde se requira unha modalidade diferente e/ou recursos extraordinarios.
3. Establecer a proposta de organización de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo por parte do profesorado especialista, coa participación do propio profesorado de pedagogía terapéutica. Elevar esta proposta á dirección do centro.
4. Asesorar ao equipo directivo sobre as medidas de atención á diversidade.
5. Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
6. Asesorar aos departamentos didácticos e ao profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
7. Facilitar o asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

#### 7.4.- EQUIPO DIRECTIVO

1. Dispor e poñer en marcha as medidas de atención á diversidade adecuadas ás necesidades detectadas e aos recursos dispoñibles.
2. Coordinar todas as actuacións previstas, xunto co resto do profesorado.
3. Velar polo cumprimento de todas as actuacións establecidas nesta concreción do plan xeral de atención á diversidade.





 <b>XUNTA DE GALICIA</b>	<b>COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO</b>	 <small>Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura</small>  <small>Membro de Escolas Asociadas da UNESCO</small>
	Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA <a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/">http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/</a> E-mail: <a href="mailto:ceip.campolongo@edu.xunta.es">ceip.campolongo@edu.xunta.es</a> Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18	

## 8. Mecanismos de coordinación e colaboración



A finais de curso 2019-2020, a xefatura do D.O. presentará perante a dirección do centro, en cumprimento da normativa vixente, unha proposta da organización dos apoios do alumnado que presenta necesidade específica de apoio educativo para o curso seguinte.

Os equipos docentes, na xunta de avaliación ordinaria, analizarán os resultados educativos e os informes pertinentes e proporán as diferentes medidas de atención á diversidade para o curso seguinte. Ditas propostas quedarán recollidas nas correspondentes actas pola persoa titora. Para o alumnado de novo ingreso teranse en conta os informes emitidos (informe individualizado por traslado, informe ao finalizar a educación primaria e, se é o caso informe psicopedagóxico e outros) e a historia escolar do alumnado.

O departamento de orientación coa colaboración dos titores cubrirá o cadro de datos de cada grupo que formará parte da información a aportar na xunta de avaliación inicial.

Ao inicio do curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, o profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada unha das materias e o grao de desenvolvemento das competencias básicas. A avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completaráse coa información obtida a través da persoa titora e do departamento de orientación. Esta avaliación permitirá confirmar ou modificar as medidas adoptadas inicialmente orientadas á mellora do proceso de ensinanza- aprendizaxe. A persoa titora recollerá en acta as decisións e acordos acadados referidos a cada alumno/a e ao grupo no seu conxunto e trasladará a mesma á xefatura de estudos.



## 9. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores legais



A comunicación fluída coas familias é un dos obxectivos prioritarios deste curso. As actuacións realizadas en relación coas medidas descritas concréntanse en:

1. Comunicación ás familias das dificultades detectadas mediante entrevista persoal individualizada. Solicitude de autorización para efectuar avaliacións psicopedagóxicas segundo o protocolo establecido para tal fin.
2. Información sobre os resultados e as medidas de atención á diversidade adoptadas en cada caso.
3. Emisión de informes escritos que sexan pertinentes previa solicitude razoada por escrito.
4. Mantemento de reunión periódicas, previa convocatoria, co profesorado implicado no desenvolvemento das medidas e coa xefatura do departamento de orientación.
5. Información xeral ás familias nas xornadas de comezo de curso.
6. Colaboración coa ANPA e con outras institucións na organización de charlas informativas, cursos de formación e outras actividades relacionadas coa atención á diversidade no noso centro.





 <p><b>XUNTA DE GALICIA</b></p>	<p><b>COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO</b></p> <p>Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA  <a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/">http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/</a>  E-mail: <a href="mailto:ceip.campolongo@edu.xunta.es">ceip.campolongo@edu.xunta.es</a>  Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18</p>	 <p>Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura</p>  <p>Membro de Escolas Asociadas da UNESCO</p>
---	--	---

## 10. Procesos de seguemento, avaliación e mellora da concreción anual do PXAD



A súa finalidade é tomar decisións en relación ao seu deseño e desenvolvemento, é dicir, determinar a súa eficacia e introducir as modificacións oportunas para a súa mellora. Participarán na avaliación tódolos participantes: profesorado, alumnos e familias.

Para a recollida de datos será necesario arbitrar distintos momentos e métodos de recollida de información: reunións de pais, CCP, xuntas da avaliación, actas de avaliación, cuestionarios...

Os datos recollidos deberán permitir coñecer o grao de consecución dos obxectivos plantexados e os problemas específicos relacionados coa súa implementación.

Para iso teremos en conta os seguintes indicadores:

1. Adecuación das estratexias e instrumentos utilizados.
2. Nivel de participación da comunidade educativa en xeral.
3. Nivel de participación do D.O.
4. Grao de adecuación das diferentes medidas que conforman esta concreción ás necesidades detectadas.
5. Grao de eficacia na identificación das necesidades reais.
6. Adecuación dos recursos humanos e materias ás necesidades detectadas.
7. Participación e implicación da comunidade educativa no desenvolvemento e avaliación desta concreción anual do plan xeral de atención á diversidade.
8. Grao de aplicabilidade dos protocolos.
9. Consecución dos obxectivos propostos.
10. Grao de satisfacción dos implicados (alumnado, profesorado e familias).



## 11. Marco legal



- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. nº 79, do 27 de abril de 1998)
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (D.O.G. do 31 de xullo)
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (D.O.G. do 19 de decembro DE 1996).
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (D.O.G. do 30 de xaneiro de 2003)
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (D.O.G. do 28 de novembro)
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (D.O.G. nº 213 do 7 de novembro de 1995)
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21/10/96).
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 02/09/97).

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Circular 10/2010 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Pontevedra outubro 2019